



Resolución

De inicio do procedemento de selección de adquirentes de vivendas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, trala petición do propietario da vivenda que se relaciona a continuación, esta xefatura territorial,

ACORDA

Primeiro. Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das seguintes vivendas de promoción pública en segunda ou posterior transmisión:

Concello: Verín

Número de vivendas: 1

1. Vivenda situada: San Martiño-Carretera de Vilela nº 4, baixo E de Verín.

Expediente: OR-97/501, conta 37

Superficie útil: 81,27 m².

Tipoloxía: 3 dormitorios

Anexos vinculados. Garaxe: Si, Rocho: Si

Prezo: 59.000,73 euros

Segundo. Ofertar a dita vivendas a través da páxina web do IGVS ás persoas inscritas ou anotadas para este tipo de vivendas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, ata a data tope do 11 de abril de 2018.

Terceiro. A vivenda adquirirase en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior titular. O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e, unha vez asinado, deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

Cuarto. Procedemento de selección

1. As solicitudes de compra das vivendas ofertadas presentaranse nesta xefatura territorial no prazo de quince días a contar desde o día seguinte ó de alta do anuncio da oferta na páxina web do IGVS.

2. De producirse unha soa petición por vivenda ofertada, esta seralle adxudicada ó seu demandante respectivo, sen prexuízo do disposto no punto 3 deste apartado.

O sorteo da vivenda terá lugar, para o caso de que concorreran dous ou máis peticionarios cos requisitos esixidos para iso por cada vivenda que se oferte. Este sorteo, de selo caso, realizarase o día 15 de maio de 2018, nesta xefatura territorial.

3. Deberase acreditar a actualización dos datos referidos ó cumprimento dos requisitos para seren titulares de vivenda de promoción pública. Para este fin, a xefatura territorial poderá solicitar ó seleccionado a documentación que considere necesaria.

Se revisada a documentación e practicadas as actuacións citadas, o adquirente seleccionado non cumprira os requisitos esixidos, se declarará excluído, logo do trámite de audiencia, e o seu lugar ocuparao o primeiro integrante da lista de espera que cumpra ditos requisitos.

4. Efectuada a selección do adquirente, notificarase o resultado ó vendedor da vivenda. Ó designado como adquirente concederáselle un prazo de dez días para que comunique a súa aceptación. De non aceptar ou non contestar en prazo, entenderase que non está interesado na súa adquisición e procederase a designar como posible comprador ó seguinte petionario, que determinou como preferente o listado confeccionado a resultas do sorteo.

Ourense, 11 de abril de 2018

A xefa territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Alicia María López Míguez

